Sobre o estado actual da actuacións relacionadas coa área metropolitana de Ferrol previstas no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 36.135.000 euros e un horizonte temporal no ano 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 59576 - 56890 (10/PRE-017799)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da ameaza que supón a crise climática para a democracia, e as actuacións que vai levar a cabo para mitigala e adaptarnos a ela

- 59575 - 56968 (10/PRE-017807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis



Sobre as razóns da suspensión dos procesos de concentracións parcelaria iniciados no ano 2002 no concello de Agolada, as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto e a valoración da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural en relación co aproveitamento e posibilidades de dinamización económica que ofrecería o seu remate, así como o das parroquias de Sesto e Brocos, pendentes de iniciar

- 59574 - 56982 (10/PRE-017808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego, desde o ano 2011, para rematar coa existencia de cianobacterias nas augas eutrofizadas do encoro das Conchas, en Ourense, que están a provocar microcistinas, a incidencia que están a ter na saúde da poboación da comarca da Limia e as alegacións que presentou á súa declaración polo Estado como augas afectadas

- 59573 - 57118 (10/PRE-017818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación da actividade asistencial do Hospital Montecelo e do PAC da Parda, en Pontevedra, no verán de 2019, respecto do ano 2018, as causas das saturacións rexistradas e as razóns da Consellería de Sanidade para non abrir as camas pechadas e non contratar, de xeito definitivo, máis persoal médico e sanitario

- 59572 - 57135 (10/PRE-017822)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo acadado coas organizacións sindicais o 23 de novembro de 2016 para mellorar o traballo dos inspectores farmacéuticos, a valoración que fai da actuación da consellaría no brote hídrico de gastroenterite rexistrado en Corme o 21 de setembro de 2019 e as medidas previstas ao respecto

- 59571 - 57180 (10/PRE-017829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados da implantación da estratexia Autónomo 2020, a contía do orzamento inicial investido e os datos referidos ás actuacións implementadas, así como a súa opinión respecto do cumprimento no 31 de decembro de 2020 dos retos establecidos nela

- 59570 - 57191 (10/PRE-017830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á atención que se está a prestar á poboación durante a ausencia dun facultativo no Centro de Saúde de Calo, no concello de Teo, as súas previsións respecto da súa substitución e as actuacións que está a levar a cabo o Sergas para ese fin

- 59606 - 57239 (10/PRE-017834)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á construción, durante a décima lexislatura, dun novo centro de saúde no concello da Rúa e, se é o caso, o investimento que vai realizar, así como a súa información respecto das intencións do actual Goberno municipal en relación coa cesión de terreos para ese fin

- 59569 - 57333 (10/PRE-017840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación dos centros de atención primaria de Fene e Maniños, a suficiencia da súa dotación de facultativos e da atención pediátrica que se está a prestar no de Fene e mais as súas previsións respecto da cobertura das baixas e das vacacións neles para garantir a calidade asistencial

- 59712 - 57394 (10/PRE-017845)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación a unha empresa do servizo de catering dos comedores escolares dos IES Julio Prieto Nespereira, de Ourense, e Ferro Couselo, de San Mamede, Maceda, a realización dalgunha avaliación ao respecto e as supostas deficiencias existentes na prestación do servizo

- 59605 - 57630 (10/PRE-017865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o tipo de información que a Xunta de Galicia se comprometeu a ofrecerlles ás persoas usuarias do sistema público de saúde no proceso de decisión do centro hospitalario no que serán intervidas, así como as previsións do Goberno galego respecto da incorporación ao seu protocolo de actuación da información completa en relación co tempo de demora estimado para unha intervención

- 59568 - 57676 (10/PRE-017870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do volume de profesionais de logopedia incorporados ao Sergas e as súas previsións ao respecto

- 59604 - 57682 (10/PRE-017871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para desestimar a petición unánime de todos os grupos políticos de dotar Lalín dunha nova ambulancia, a actuación que vai levar a cabo en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro e a súa opinión respecto da actual dotación de vehículos de transporte sanitario da comarca do Deza

- 59603 - 57691 (10/PRE-017873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da cobertura actual das emerxencias sanitarias en Lalín e na comarca de Deza e as medidas previstas para resolver a súas deficiencias

- 59855 - 57696 (10/PRE-017874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 322.320.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2015 e 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 59567 - 57718 (10/PRE-017877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración e as previsións da Xunta de Galicia respecto das dificultades asistenciais que se están a producir na atención primaria á veciñanza do concello da Laracha

- 59938 - 57744 (10/PRE-017882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Desdoblamento do corredor do Morrazo, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 53.893.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

- 59711 - 57775 (10/PRE-017888)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da comunidade autónoma

- 59710 - 57964 (10/PRE-017903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na estrada OU-402, en Reza

- 59566 - 57968 (10/PRE-017904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data prevista para o inicio das obras de construción do parque acuático anunciado polo Goberno galego no concello do Pereiro de Aguiar (Ourense), os datos referidos á súa dotación or-



zamentaria e o impacto que vai ter no complexo deportivo de Monterrei, así como a dotación de servizos que vai ter

- 59602 - 58113 (10/PRE-017923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posible asunción pola Xunta de Galicia do compromiso de garantir un médico ou unha médica a xornada completa no Centro de Saúde da Teixeira, a súa opinión referida á atención sanitaria que se está a prestar no Macizo central ourensán e as medidas de carácter urxente que vai adoptar para a reposición dese posto

- 59565 - 58126 (10/PRE-017924)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear e controlar a pobreza farmacéutica, así como a consideración da posibilidade de poñer en marcha algún sistema de alerta ao respecto que permita trasladar esta información ao sistema público para a atención dos problemas socioeconómicos

- 59564 - 58134 (10/PRE-017925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da demora existente na cobertura das dúas prazas de pediatría vacantes no Centro de Saúde de Fene e as previsións ao respecto

- 59563 - 58154 (10/PRE-017928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das denuncias do comité de empresa do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas ao déficit de persoal no Servizo de Medicina Interna do centro, a posible incidencia das condicións laborais existentes no servizo na garantía da calidade asistencial e as medidas previstas ao respecto

- 59562 - 58177 (10/PRE-017931)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Sergas para amortizar prazas de persoal celador, a súa cobertura con persoal doutra categoría e a súa exclusión das comisións de Atención Primaria, así como as xestións levadas a cabo polo Goberno galego respecto do desenvolvemento do Real Decreto 1700/2011 e as previstas para o recoñecemento desa categoría como persoal sanitario coa formación correspondente

- 59561 - 58205 (10/PRE-017933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as intencións da Xunta de Galicia en relación co arranxo da situación xerada pola presunta avaría da maquinaria do Servizo de Radiodiagnóstico do Centro de Saúde de



Celanova, a incidencia que está a ter e a posibilidade de asunción polo Goberno galego do sobre-custo que supón para os pacientes da zona

- 59560 - 58269 (10/PRE-017949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, ao Concello de Lugo

- 59559 - 58281 (10/PRE-017959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín

- 59558 - 58291 (10/PRE-017969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, aos concellos do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos e Sarria

- 59557 - 58301 (10/PRE-017979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 59556 - 58318 (10/PRE-017989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 59555 - 58328 (10/PRE-017999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 59554 - 58339 (10/PRE-018009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, coa Universidade de Vigo



- 59854 - 58493 (10/PRE-018024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar o financiamento do deporte en Galicia, a elaboración dun estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas nas federacións deportivas, como consecuencia da Lei do deporte de Galicia, e, se é o caso, os seus resultados

- 59937 - 59337 (10/PRE-018081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á posibilidade de rectificar a decisión de suprimir o servizo de paritorio e as gardas de pediatría no Hospital Comarcal de Verín, as actuacións levadas a cabo ou previstas para evitar a deterioración deses servizos e a súa opinión respecto da necesidade de incrementar a dotación de persoal e de especialidades dese hospital

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59588

Data envío: 02/12/2019 09:05:31.514

Data 02/12/2019 09:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49927**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e don Antón Sánchez García, sobre **“as actuación levadas a cabo pola Xunta de Galicia para controlar a praga da avespiña do castiñeiro mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, a información fornecida aos concellos e aos produtores e ás produtoras do lugar onde se está a realizar a solta e o asinamento dalgún convenio con algunha empresa para afrontar a expansión da praga”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*A Consellería do Medio Rural reforzará a loita contra a avespiña do castiñeiro coa solta doutros 1,6 millóns do parasito *Torymus sinensis* en toda Galicia, sendo esta unha petición realizada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ante os bos resultados acadados con esta loita biolóxica, iniciada xa no ano 2015.*

*Desde que se comezou con estas soltas experimentais do *Torymus*, na nosa comunidade liberáronse máis de 2,5 millóns destes individuos para parasitar os ovos da avespiña, posto que arestora é dos poucos métodos existentes para loitar contra este organismo. Isto conlevou un orzamento de máis de 3 millóns de euros só nos dous últimos exercicios (2018 e 2019), sendo o gasto previsto para o vindeiro ano doutros 2,1 millóns de euros.*

*O resultado destas soltas confirmou que o parasito se está asentando nos soutos de castiñeiros de Galicia e, polo tanto, demóstrase a efectividade desta medida para loitar contra os danos ocasionados pola avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus Kuryphilus*), que está sendo un referente noutras comunidades autónomas e, incluso, noutros países.*

página 1 de 2

 Xacobeo 2021



*Este ano liberáronse case 1,6 millóns de parasitos, dos cales o 43% foi na provincia de Ourense, o 38% na de Lugo, o 12% na da Coruña e un 7% en Pontevedra. Ademais, cabe destacar que catro empresas galegas foron autorizadas para a produción de *Torymus*, cando ata o de agora só Italia o facía.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59588
Data envío: 02/12/2019 09:05:31.514

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:28

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50409**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Jose Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a autorización polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación das condicións da solta do parasito *Torymus sinensis* para a loita biolóxica contra a praga da nespiña do castiñeiro, os criterios que se van seguir esta temporada para ese fin, así como a información que se lle está a dar á poboación e, en particular, aos propietarios dos soutos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*A Consellería do Medio Rural reforzará a loita contra a avespiña do castiñeiro coa solta doutros 1,6 millóns do parasito *Torymus sinensis* en toda Galicia, sendo esta unha petición realizada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ante os bos resultados acadados con esta loita biolóxica, iniciada xa no ano 2015.*

*Desde que se comezou con estas soltas experimentais do *Torymus*, na nosa comunidade liberáronse máis de 2,5 millóns destes individuos para parasitar os ovos da avespiña, posto que arestora é dos poucos métodos existentes para loitar contra este organismo. Isto conlevou un orzamento de máis de 3 millóns de euros só nos dous últimos exercicios (2018 e 2019), sendo o gasto previsto para o vindeiro ano doutros 2,1 millóns de euros.*

*O resultado destas soltas confirmou que o parasito se está asentando nos soutos de castiñeiros de Galicia e, polo tanto, demóstrase a efectividade desta medida para loitar contra os danos ocasionados pola avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus Kuryphilus*), que está sendo un referente noutras comunidades autónomas e, incluso, noutros países.*



*Este ano liberáronse case 1,6 millóns de parasitos, dos cales o 43% foi na provincia de Ourense, o 38% na de Lugo, o 12% na da Coruña e un 7% en Pontevedra. Ademais, cabe destacar que catro empresas galegas foron autorizadas para a produción de *Torymus*, cando ata o de agora só Italia o facía.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59587
Data envío: 02/12/2019 09:05:25.014

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:22

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59714

Data envío: 03/12/2019 19:38:49.574

Data 03/12/2019 19:38

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51375**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para garantir a correcta aplicación en Galicia das medidas de protección das persoas usuarias das entidades financeiras, así como a súa valoración en relación co cumprimento do Código de Boas Prácticas Bancarias e da Directiva sobre Mercados de Instrumentos Financeiros MIFID II”**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 51374 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de xullo de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-07-10?part=b7d08d79-0bb9-431c-948c-9e6ebd82c9b0&start=113.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59714
Data envío: 03/12/2019 19:38:49.574

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/12/2019 19:38:46

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **51568**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actividade desenvolvida polo Comité Fitosanitario Galego dende a súa constitución, as medidas adoptadas pola Administración galega diante da fraude dos cursos de formación para a manipulación de produtos fitosanitarios e a situación actual desa problemática, así como as actuacións previstas en relación coa incidencia do uso de praguicidas e de produtos químicos na saúde dos traballadores do sector agrogandeiro”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta no pasado Pleno celebrado o 9 de xullo do 2019, respondendo o conselleiro á pregunta número 51573, sobre o mesmo tema e mesma autoría.

Pode consultarse esta intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-07-10?part=b7d08d79-0bb9-431c-948c-9e6ebd82c9b0&start=4242>

O glifosato conta con autorización por parte da Unión Europea ata o ano 2022, polo que se trata dun produto legal. A Consellería do Medio Rural sempre recomenda o baixo uso de praguicidas químicos, dando prioridade, cando sexa posible, a métodos non químicos, tendo en conta que, no caso da súa utilización, debe facerse baixo as indicacións establecidas na normativa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59586
Data envío: 02/12/2019 09:05:18.310

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:15

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 52560**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e medidas a adoptar pola Xunta de Galicia en relación ao dereito da mocidade a un proxecto de vida autónoma”**, (publicada no BOPG número 509 do 22 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Galicia ofrece aos menores de 35 anos axudas específicas para o alugueiro, axudas para adquisición de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes e centros históricos. Ademais, poden acceder ao resto de axudas para o acceso ou a rehabilitación, cun reforzo no caso de axudas á rehabilitación. Se nos atemos aos datos publicados, o último informe do Observatorio da Emancipación do Consello da Xuventude do Estado correspondente ao segundo semestre de 2018 indica que:

O custe do acceso a unha vivenda libre en propiedade para asalariados entre 16 e 34 anos en é Galicia sensiblemente inferior á media española e está por debaixo do rexistrado noutras nove comunidades autónomas e nunha situación moi similar ás de Navarra, Asturias, Aragón e A Rioxa, polo que só catro comunidades autónomas ofrecen mellores datos que os de Galicia.

Respecto do alugueiro, tamén para un asalariado de entre 16 e 34 anos, en doce comunidades autónomas teñen que facer un esforzo superior ao de Galicia e só en catro ese esforzo é inferior”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59585
Data envío: 02/12/2019 09:05:11.998

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:09

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 48801**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas”**, (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida nas intervencións do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate das preguntas 49320 e 53144 que tiveron lugar nas sesións plenarias do 29 de abril e 12 de novembro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-30?part=010daf2c-2232-416e-ae5c-8601a1aafaab&start=7905>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-11-13?part=19d2c66b-4974-4480-93af-59b26ae87360&start=4180>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59591
Data envío: 02/12/2019 09:05:52.060

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:49

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49882**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O prezo medio das descargas de produtos pesqueiros frescos realizada o ano pasado nas lonxas e centros autorizados de Galicia acadou os 2,8 euros o quilo, o que supón un novo récord da serie histórica, que vai do ano 2002 ao 2018.

Este fito prodúcese despois dun exercicio no que as cotizacións medias subiron un 17% en relación con 2017, no que o prezo medio foi de 2,4 euros o quilo.

Esta mellora no prezo do peixe e do marisco comercializados nas lonxas galegas tamén favoreceu que 2018 sexa o terceiro mellor exercicio en canto a facturación da serie histórica, con case 491 millóns de euros recadados polos centros de primeira venda, só superados polos 508 millóns de 2017 -récord histórico- e os 491 millóns de 2016.

Mentres, as capturas situáronse nas 174.000 toneladas como consecuencia das menores capturas dalgunos recursos por parte da frota galega, fundamentalmente xarda pintada e pescada.

En canto aos grupos de especies comercializadas o ano pasado, máis do 90% da cantidade era peixe, que supuxo unha facturación de preto de 350 millóns de euros.



Entre o 10% restante destaca o grupo dos bivalvos, que acadou uns ingresos de 86 millóns de euros, o que supón un novo récord histórico para este grupo de produtos e máis do 17% da facturación total das lonxas e centros de primeira venda de Galicia no 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59858
Data envío: 09/12/2019 15:29:02.538

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:28:59

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42657**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona María Luisa Pierres López e don Xoaquín María Fernández Leiceaga,, sobre **“o estado actual da actuación denominada VAP Santiago - N 541 Treito A Ramallosa - A Estrada e a valoración pola Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal no ano 2015”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de



rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

Na planificación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está prevista a prolongación ata A Estrada do eixe de altas prestacións ao que se refire a iniciativa. Para a súa materialización, tras a aprobación do trazado completo, dividiuse o tramo en tres subtreitos para a execución por fases. A Xunta xa avanzou neste ano no procedemento expropiatorio, con pagos que se estenderán ata 2020 pola ocupación dos terreos. Os Orzamentos da Xunta de 2020 reservan unha partida de 2 millóns de euros para avanzar no desenvolvemento desta infraestrutura.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:35:28
Nº Rexistro: 59947
Data envío: 11/12/2019 12:35:28.300

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:35:25

CSV: BOPGDSPGOwezVIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42659**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona María Luisa Pierres López e don Xoaquín María Fernández Leiceaga,, sobre **“o estado actual da actuación denominada VAP Santiago - Costa da Morte e a valoración pola Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal no ano 2020”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de



rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:35:21
Nº Rexistro: 59946
Data envío: 11/12/2019 12:35:21.503

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:35:18

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42660**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona María Luisa Pierres López e don Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre **“o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Conexión N-550 (As Galanas) - Variante AC-841 e a valoración pola Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de



rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:35:14
Nº Rexistro: 59945
Data envío: 11/12/2019 12:35:14.206

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:35:11

CSV: BOPGDSPGOwezVIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42890**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona María Luisa Pierres López e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre “ **o estado actual da actuación denominada “Área metropolitana de Vigo-Desdoblamento do corredor do Morrazo”, prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.



Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

En relación ao desdoblamento do corredor do Morrazo ao que se refire a iniciativa, cómpre subliñar que o Goberno galego o primeiro que fixo para o desenvolvemento da Autovía do Morrazo foi planificar unha estratexia para facela viable, executándoa por fases e pagándoa con cargo aos orzamentos e a medida que as dispoñibilidades orzamentarias o permitiron.

Este traballo permitiu que o 11 de maio de 2018 se puxeran en servizo os dous primeiros treitos da autovía, 7 quilómetros entre Rande e Meira e que o 21 de xuño de 2019 a Autovía do Morrazo quedase rematada e posta en servizo na súa totalidade, ao sumar os 4 quilómetros que faltaban, ata o enlace de Cangas.

A Xunta investiu nestes 11 quilómetros de autovía libre de peaxe do Morrazo máis de 55,5 M€ para contribuír a unha maior seguridade viaria, mobilidade e competitividade da zona, o maior investimento da Xunta en materia viaria nos últimos anos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:35:07
Nº Rexistro: 59944
Data envío: 11/12/2019 12:35:07.175

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:35:04

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **52731**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a promoción polo Goberno galego da presentación da candidatura do Xeoparque Costa da Morte como xeoparque mundial dentro do Programa Internacional de Ciencias da Terra e Xeoparques da UNESCO, así como a súa integración na Rede Mundial e na Rede Europea de Xeoparques**, (publicada no BOPG número 513 do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, que entrou en vigor o día 27 de agosto de 2019, sinalada no seu artigo 75 que terán a consideración de Áreas protexidas por instrumentos internacionais todos aqueles espazos naturais que sexan formalmente designados consonante ó disposto nos convenios e nos acordos internacionais de que sexa parte España, entre os que se atopan os xeoparques, declarados pola UNESCO.

Para de seguido sinalar no seu artigo 78, que a elaboración dunha proposta de declaración dunha zona como xeoparque poderá iniciarse ben pola Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, ben outras administracións, ou ben por aquelas entidades que, de acordo coa normativa aplicable, poidan efectuar tal proposta.

A Asociación para a Xestión Xeoparque Costa da Morte xa está a promover a creación e presentación da súa candidatura como xeoparque mundial dentro do Programa Internacional de Ciencias da Terra e Xeoparques da UNESCO, e a súa integración na Rede Mundial e na Rede Europea de Xeoparques, candidatura que indican que conta xa con numerosos apoios, así son xa 12 dos 15 concellos adheridos el, xunto con distintas entidades como a Asociación de Profesionais para o Desenvolvemento Local de Galicia (AFIPRODEL) e o propio GALP 3 da Costa da Morte, tendo manifestado o seu apoio a Sociedade Xeolóxica de España.

Deste xeito, parece coherente que a elaboración da proposta de declaración desta zona xeoparque sexa realizada pola Asociación para a Xestión Xeoparque Costa da Morte, proposta que, para ser



remitida á Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO, deberá contar cunha carta de apoio da Consellería competente, feito que se producirá trala avaliación desta consellería da proposta de declaración de xeoparque.

Con posterioridade, cada xeoparque constituirá un órgano de xestión no que estarán representados todos os actores sociais do espazo e que terá, entre outras funcións, a emisión de informes, como mínimo cada catro anos, sobre a situación do espazo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 17:52:48
Nº Rexistro: 59760
Data envío: 04/12/2019 17:52:48.691

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/12/2019 17:52:45

CSV: BOPGDSPGOWezYIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 52734**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez, sobre **“o uso da Casa da Pedraqueira, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo”**, (publicada no BOPG número 513 do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre indicar que actualmente este inmovible atópase desocupado. O servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra pretende converter a vivenda existente, xunto a un galpón vincunlante, nun centro de traballo para o persoal que na actualidade ocupa postos de traballo no Distrito XVI Deza-Tabeirós, en concreto na Zona Tabeirós-terra de Montes, que conta con 5 Axentes Facultativos Medioambientais e Conca Río Ulla con 8 prazas de Vixilantes de Recursos Naturais e 2 de peóns forestais, de acordo coa Proposición non de lei aprobada por unanimidade na Comisión 7ª de Agricultura, Alimentación Gandaría e Montes, na súa sesión do 7 de setembro de 2018, co seguinte texto:

‘O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmovible como base operativa para o persoal e medios adscritos ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que exercen as súas funcións e cometidos no ZEC Ulla-Deza do Distrito XVI.’ Con este obxectivo estase a facer un proxecto para a adecuación dos inmoables dos que recentemente se tomou posesión para, de ser posible, executar as correspondentes obras no vindeiro ano 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59857
Data envío: 09/12/2019 15:28:55.961

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:28:53

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48802**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á posta en marcha, na X lexislatura, dun plan concreto para garantir o mantemento dos postos de traballo do sector do telemárketing en Galicia, así como as actuacións que levadas a cabo e previstas en relación coa posible deslocalización do servizo de atención ao cliente da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas”**, (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida nas intervencións do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate das preguntas 49320 e 53144 que tiveron lugar nas sesións plenarias do 29 de abril e 12 de novembro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-30?part=010daf2c-2232-416e-ae5c-8601a1aafaab&start=7905>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-11-13?part=19d2c66b-4974-4480-93af-59b26ae87360&start=4180>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59590
Data envío: 02/12/2019 09:05:45.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:42

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48803**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á posta en marcha, na X lexislatura, dun plan concreto para garantir o mantemento dos postos de traballo do sector do telemárketing en Galicia, así como as actuacións que levadas a cabo e previstas en relación coa posible deslocalización do servizo de atención ao cliente da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas”**, (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida nas intervencións do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate das preguntas 49320 e 53144 que tiveron lugar nas sesións plenarias do 29 de abril e 12 de novembro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-30?part=010daf2c-2232-416e-ae5c-8601a1aafaab&start=7905>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-11-13?part=19d2c66b-4974-4480-93af-59b26ae87360&start=4180>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59589
Data envío: 02/12/2019 09:05:38.560

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:35

CSV: BOPGDSPGOwezVIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42400**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora Miranda Pena e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a valoración polo Goberno galego do resultado de vendas nas lonxas galegas no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O prezo medio das descargas de produtos pesqueiros frescos realizada o ano pasado nas lonxas e centros autorizados de Galicia acadou os 2,8 euros o quilo, o que supón un novo récord da serie histórica, que vai do ano 2002 ao 2018.

Este fito prodúcese despois dun exercicio no que as cotizacións medias subiron un 17% en relación con 2017, no que o prezo medio foi de 2,4 euros o quilo.

Esta mellora no prezo do peixe e do marisco comercializados nas lonxas galegas tamén favoreceu que 2018 sexa o terceiro mellor exercicio en canto a facturación da serie histórica, con case 491 millóns de euros recadados polos centros de primeira venda, só superados polos 508 millóns de 2017 -récord histórico- e os 491 millóns de 2016.

Mentres, as capturas estas situáronse nas 174.000 toneladas como consecuencia das menores capturas dalgúns recursos por parte da frota galega, coma a xarda pintada ou a pescada, aínda que estas non teñan cota ou dispoñan de cifras abondosas da mesma.

En canto aos grupos de especies comercializadas o ano pasado, máis do 90% da cantidade era peixe, que supuxo unha facturación de preto de 350 millóns de euros.



Entre o 10% restante destaca o grupo dos bivalvos, que acadou uns ingresos de 86 millóns de euros, o que supón un novo récord histórico para este grupo de produtos e máis do 17% da facturación total das lonxas e centros de primeira venda de Galicia no 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59864
Data envío: 09/12/2019 15:29:44.469

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:29:41

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43384**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a resposta oficial da Xunta de Galicia referida á débeda dos anteriores xestores dunha parcela obxecto de concesión pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A resposta facilitada polo daquela presidente do ente público Portos de Galicia foi a proporcionada pola Autoridade Portuaria, e non se corresponde exactamente ao sinalado polo deputado na formulación desta pregunta.

Tal como manifestou o presidente de Portos na sesión parlamentaria, as taxas asociadas á concesión atopábanse ao corrente de pago, e en canto ás tarifas asociadas á prestación dun servizo comercial, estíbbase a levar a cabo o procedemento legal para o cobro das mesmas.

Finalmente, a decembro de 2017, o Consello de Administración da Autoridade Portuaria aprobou a transmisión da concesión, logo de que se tivera abonado toda a débeda pendente do concesionario coa Autoridade Portuaria, que ascendía nese momento a 60.000 euros (aos 37.804,86 euros de tarifas que se debían en xuño houbo que sumar as taxas desde xuño, e as tarifas desde ese mesmo mes).

Lembremos que a lei esixe que os concesionarios estean ao corrente das súas obrigas coa Autoridade Portuaria para que esta poida autorizar a transmisión da concesión, co cal non



podería haberse transmitido si a empresa houbera tido débedas pendentes coa Autoridade Portuaria.

Por conseguinte, no momento da celebración do Consello de Administración a data de 1 de decembro de 2017, o concesionario saínte non mantiña débedas coa Autoridade Portuaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59862
Data envío: 09/12/2019 15:29:28.706

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:29:25

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43163**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora Miranda Pena e dona Paula Quintero Araújo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da redacción que presenta o acordo de pesca entre España e Portugal presentado nas Cortes Xerais o 21 de decembro de 2018”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta considera que a existencia dun acordo bilateral é positiva porque axuda a normalizar as relacións. Non obstante, no marco deste acordo defendemos a igualdade entre frotas que traballan nos mesmos caladoiros e que se dirixen aos mesmos mercados. O obxectivo debe ser aproveitar ao máximo todas as posibilidades de pesca que presenta o acordo, na liña das reclamacións feitas polo Consello Galego de Pesca e a Consellería do Mar. Neste sentido, entendemos que o proposto no acordo pendente de ratificar non coincide plenamente con esas demandas.

A Xunta e a maioría do sector de arrastre de fondo galego defenden un marco de igualdade entre as frotas galega e portuguesa, para evitar que esta última se beneficie da vantaxe de faenar na fin de semana. Con ese obxectivo, a Consellería do Mar fíxolle chegar no seu momento ao Ministerio o acordo adoptado no Consello Galego de Pesca para aproximar posturas e acadar un escenario de igualdade para todas as frotas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59863
Data envío: 09/12/2019 15:29:37.939

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:29:35

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48052**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as xuntanzas mantidas entre a Xunta de Galicia, o clúster da conserva e as diferentes empresas para abordar o problema xerado polo novo escenario que se está a producir para o sector en relación co Brexit” e cos novos competidores de países de fóra da Unión Europea, así como o seu diagnóstico ao respecto e as solucións e as axudas previstas**”, (publicada no BOPG número 455 do 3 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar é plenamente consciente da situación do noso sector pesqueiro e da cadea mar-industria ante o Brexit, xa que fomos a primeira rexión europea en trazar unha folla de ruta e en encargar dous informes para avaliar as consecuencias sociais e económicas do brexit para a pesca galega, nos que se analizou tamén a afectación as empresas de capital galego con barcos de bandeira británica.

Desde a Xunta estamos traballando desde o primeiro momento para reunir argumentos para:

- Defender os intereses marítimo-pesqueiros e da cadea mar-industria e que a pesca non sexa utilizada como moeda de cambio nas negociacións do brexit.

- Minimizar o impacto do brexit.

- Facer unha oportunidade deste proceso inédito en Europa.

O noso compromiso é seguir traballando e continuar buscando aliados noutros estados membros na defensa de intereses comúns.

Con todo, e por se non houbera acordo, levamos ao longo de todo este ano analizando a interrelación entre a normativa autonómica e a operativa do sector para dispoñer dos



necesarios plans de continxencia para a nosa frota e operadores comerciais dentro do noso marco competencial.

Dentro das medidas de continxencia atópanse cuestións relativas ás modificacións do FEMP para permitir a concesión de axudas á frota e resto do sector afectado por unha posible paralización de actividade.

En todo caso, cabe sinalar que a as cuestións de comercio exterior e das condicións de exportación de produtos pasan por competencias do Goberno central, cuestión que non é óbice, aínda así, para que a Xunta de Galicia estea a traballar na prevención e minoración dun hipotético impacto do brexit na nosa industria conserveira de produtos do mar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59861
Data envío: 09/12/2019 15:29:21.644

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:29:19

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48833**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ao emprazamento elixido para a depuradora de marisco que se está a construír en Castiñeiras, no concello de Ribeira, a dispoñibilidade das licenzas e permisos necesarios, así como a concesión dalgunha subvención á empresa promotora”**, (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 25 de outubro de 2019 pola presidenta do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 53989.

Pode consultarse o arquivo audiovisual premento na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2019-10-25?part=022ec194-7611-4251-97fc-0ab9c3c097d5&start=4302>

As concesións en dominio público portuario como a instalación da depuradora de mariscos no porto de Castiñeiras en Ribeira implican a varias administracións. Mentres non conte cos permisos que corresponden non se pode realizar ningunha actuación neses terreos. É preciso que actuacións coma esta contén sempre con todos os permisos. Neste caso, a concesión está condicionada a que as outras administracións implicadas outorguen todos os permisos, licencias e informes correspondentes e, ao carecer de licencia municipal, o concello de Ribeira xa paralizou as obras en abril deste ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59860
Data envío: 09/12/2019 15:29:15.505

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:29:12

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48952**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora Miranda Pena e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“as xestións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a discriminación da flota galega na repartición da cota da xarda”**, (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O cambio no modelo de xestión interno deixounos datos positivos en Galicia. A frota galega que faena no caladoiro Cantábrico e Noroeste facturou un 4% máis e vendeu un 10% máis de produto en 2018 en relación ao 2011.

Cabe sinalar aquí que non consta que o reparto sexa contrario ás normas e que primase inxustiza para artes menores. Sirva como exemplo a recente resposta da Comisión Europea na que sinala que non houbo discriminación a Galicia nin á baixura no reparto de cotas.

As cotas repartíronse conforme a criterios históricos de captura, que demostrou que quen pescaba esa especie obtivo cota.

As cotas da baixura (de especies coma a pescada, o rape, o xurelo, a xarda, o gallo e o lirio) ou non se repartiron ou repartíronse por provincias e faise unha xestión por provincias, isto é, non teñen cotas individuais, senón que fan unha xestión conxunta.

Co reparto efectuado co anterior Goberno en Madrid, no ano 2015, aumentaron os porcentaxes das cotas asignadas aos barcos de artes menores, xa que se incrementou o peso dos criterios socio - económicos, sendo especialmente significativos os aumentos no caso do gallo, o rape e a pescada.

Si que é certo que a cota da xarda adoeceu dun erro nos ditames científicos, mesmo recoñecido polo ICES. Manifestamos a nosa preocupación e malestar ante os erros nas avaliacións científicas sobre a xarda, pois reducir de forma considerable as posibilidades de



pesca desta especie.

Lamentamos que o Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) admita e corrixa ese erro cando a pesquería da xarda xa rematou para a nosa frota galega.

Non obstante, confiamos en que se revise o Total Admisible de Capturas (TAC) para este ano que ven, e que se poida utilizar para compensar a sobrepesca de anos anteriores.

Con todo, despois de que o Goberno central anunciase a creación dun grupo de traballo para estudar futuras opcións para o reparto da xarda, a Consellería do Mar convocou aos representantes do sector para analizar os datos dispoñibles e as posibilidades dos diferentes criterios que poden favorecer a mellor xestión da pesqueira da xarda.

A Xunta traballa co sector pesqueiro no estudo dos criterios e argumentos a defender por Galicia en relación ao reparto das posibilidades pesqueiras da xarda no caladoiro Cantábrico Noroeste.

Desde Galicia analizouse a analizarase a inclusión de criterios que dean solución tanto á problemática da escaseza de cota de xarda para a pesqueira dirixida como aos novos requirimentos da obriga de desembarque, que entrou en vigor este ano, co obxectivo de mellorar as posibilidades de pesca de xarda para a frota galega.

Galicia realiza este traballo respectando a premisa de lealdade que sempre mantivo co Goberno central e co resto das administracións autonómicas do Cantábrico en relación aos criterios de reparto da xarda que foron anteriormente acordados e que están actualmente en vigor”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59859
Data envío: 09/12/2019 15:29:09.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:29:06

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 53427**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o desenvolvemento das axudas ao alugueiro de vivenda**”, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As axudas concedidas, tanto na liña A como na B, foron notificadas individualmente. No DOG do 54/07/2019 publicáronse as persoas ás que se lle concederon e denegaron as axudas da liña B. A resolución pola que se lle dá publicidade ás concesións e denegacións da liña A xa foi enviada ao DOG pero aínda non foi publicada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:35:00
Nº Rexistro: 59943
Data envío: 11/12/2019 12:35:00.566

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:34:57

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 53533**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas de aluguer enmarcadas no Plan estatal de Vivenda 2018-2021 para a mocidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto”**, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A complexidade da tramitación das axudas de alugueiro establecidas no Plan de Vivenda é tal que provocou o retraso na concesión e pago das mesmas en todas as comunidades autónomas. As únicas excepcións foron aquelas que decidiron non realizar a convocatoria.

A convocatoria das axudas ao alugueiro 2019 publicáronse no Diario Oficial de Galicia o 11/09/2019. Tales axudas ao alugueiro non son as únicas destinadas especificamente aos menores de 35 anos, xa que tamén existen medidas específicas para este colectivo, dirixidas a facilitar o acceso á vivenda en propiedade en centros históricos e concellos de menos de 5.000 habitantes e axudas reforzadas para a rehabilitación de vivendas, que son totalmente compatibles coas de adquisición.

Ademais, os menores de 35 anos poden acceder ao resto de axudas para alugueiro ou rehabilitación da Xunta de Galicia, que non exclúen a este colectivo. Entre esas medidas está o Bono de Alugueiro Social, destinado a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro a determinados colectivos desfavorecidos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:34:53
Nº Rexistro: 59942
Data envío: 11/12/2019 12:34:53.628

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:34:47

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 53923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as causas do retraso para resolver as axudas da liña A de axudas ao alugamento do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para darlles solución”**, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A complexidade da tramitación das axudas de alugueiro establecidas no Plan de Vivenda é tal que provocou o retraso na concesión e pago das axudas en todas as comunidades autónomas. As únicas excepcións foron aquelas que decidiron non realizar a convocatoria.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo xa manifestou ante o Ministerio de Fomento a súa desconformidade coa complexidade de tramitación destas axudas, que causan retrasos na tramitación e concesión das mesmas. Porén, como xa mencionamos anteriormente isto afecta e sucede a todas as comunidades autónomas non só a Galicia.

O IGVS reforzou os seus medios materiais e humanos na convocatoria de 2019 destas axudas dada a complexidade de tramitación das mesmas.

As axudas ao alugueiro do Plan de Vivenda non son as únicas destinadas a facilitar o acceso á vivenda, xa que tamén existe o Bono de Alugueiro Social; as axudas para adquisición de vivenda para os menores de 35 anos; o parque público de vivenda de alugueiro, as axudas a concellos para a construción do seu propio parque de vivenda en alugueiro; as axudas a



promotores públicos e privados para construción de vivenda en alugueiro e o programa de Vivenda Baleiras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:34:43
Nº Rexistro: 59941
Data envío: 11/12/2019 12:34:43.206

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:34:40

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55099**, formulada polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas polos concellos e entidades protectoras ao abeiro das convocatorias de axudas publicadas polo Goberno galego nos anos 2018 e 2019 no marco do cumprimento da Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, así como a valoración do investimento destinado para ese fin”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 os Concellos solicitantes que recibiron estas axudas foron: Ourense, Ponteareas, Coirós, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Lugo, Sanxenxo, Verín, Santiago de Compostela e Cambre; ademais da Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

Os Concellos solicitantes que non recibiron estas axudas foron: Outeiro de Rei, Cambados, Rianxo, Ares, Xermade, Oia e Guntín.

No ano 2019 os Concellos solicitantes destas axudas foron: Sanxenxo, Ourense, Cambados, Aranga, Lugo, Verín, Coirós, Cambre, Vilagarcía de Arousa, Fisterra, Santiago de Compostela, Barbadás e O Grove; ademais do Consorcio das Mariñas.

No que respecta a este ano, dado que na data da remisión desta información aínda continúa aberto o prazo para a presentación da documentación xustificativa para o pagamento das axudas non é posible proporcionar a información solicitada.

As ordes de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia, tanto na convocatoria para o ano 2018 como o 2019, tiveron como



entidades beneficiarias ás corporacións locais.

O investimento total dedicado a estas liñas de axudas no período 2017-2019 ascende a 425.000 euros, mostra do claro compromiso do Goberno con esta materia. Así mesmo, sinalar que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non ten publicada nese mesmo período ningunha orde de axudas destinada ao sector da caza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59584
Data envío: 02/12/2019 09:05:05.623

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:05:02

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **55127**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a demora existente no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas, de Cambados, a posibilidade da Xunta de Galicia de garantir o normal inicio do curso escolar e as actuacións previstas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“No arranque do curso escolar 2019-20, a Consellería explicou á cidadanía galega, tanto no Parlamento de Galicia como en declaracións públicas, a planificación realizada e a situación das obras en diferentes instalacións educativas, entre elas, no IES Ramón Cabanillas.

Recentemente, a información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 55125, debatida na Comisión 4ª de data 26/11/2019 e á que nos remitimos porque se deu conta do procedemento de licitación, contratación e dos traballos de execución das obras no devandito IES de Cambados; así como da situación das accións relacionadas e que son competencia municipal.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-11-26?part=3a87e9af-6af3-4341-8aac-cffbf34604a8&start=6278> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59713
Data envío: 03/12/2019 19:38:42.777

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/12/2019 19:38:30

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55183**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o posible apoio polo Goberno galego da mobilización mundial polo clima convocada para o 27 de setembro, a súa opinión respecto da necesidade de crear un gabinete de crise contra a emerxencia climática e unha axencia galega para o clima e a meteoroloxía, así como as medidas que vai adoptar a curto e medio prazo para afrontar a crise climática”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta é consciente da existencia da emerxencia climática a nivel global e por iso considera como obxectivo primordial fronte a esta emerxencia activar as medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía co fin de acadar a neutralidade climática antes do ano 2050 e fomentar a adhesión de todos os Concellos de Galicia ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, ofrecéndolles asesoramento personalizado para mellorar a súa eficiencia enerxética e a súa resiliencia fronte ao cambio climático.

É unha realidade incuestionable e está demostrado que a correcta e responsable xestión do cambio climático conleva co-beneficios para o medio ambiente e a saúde das persoas. Agora ben, non cómpre amplificar ningún tipo de alarmismo inconsciente, se non outorgar ao reto do cambio climático a verdadeira dimensión e atención que merece.

Galicia está preparada para afrontar este reto e reafirma o seu compromiso a través da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. Este documento estratéxico será o instrumento planificador na loita fronte ó cambio climático e a transición enerxética de cara ó 2050. Servirá para establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático desde unha perspectiva rexional, centrada en Galicia, permitindo tamén contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global.

Existe un consenso internacional sobre o cambio climático, entendido como unha das grandes ameazas ás que se enfrenta a humanidade e as súas consecuencia xa se están a observar tamén en Galicia.



O Goberno galego non é alleo a esta situación e considera o cambio climático como o reto máis urxente e complexo ó que prestar total atención. Por iso, camiña cara a neutralidade climática no 2050 e así o manifesta na publicación da EGCCE 2050. Galicia é unha comunidade comprometida co medio ambiente, o desenvolvemento sustentable e a loita fronte ao cambio climático, e así o demostran as distintas iniciativas que se veñen desenvolvendo cun carácter participativo, pois contaron desde o seu inicio coa colaboración de toda a sociedade galega, incluíndo distintos axentes chave encadrados en diferentes sectores que se involucraron directamente na identificación de retos.

Ademais, a Xunta de Galicia acaba de aprobar o Decreto 130/2019, do 3 de outubro, polo que se aproba a Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da EGCCE 2050. Dado o carácter transversal do cambio climático a nivel de competencias, é necesaria a creación dun órgano de coordinación e de impulso da acción do Goberno na loita contra o cambio climático a través da EGCCE 2050. De modo, que todos os departamentos que integran a administración e o Goberno galego se atopen representados ó máximo nivel. Desta maneira, a Xunta garante e fai visible as actuacións que, fronte ó cambio climático, poñen en marcha os seus distintos departamentos, actuacións que deben conformar de maneira coordinada os plans ou programas do Goberno para a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Fronte á emerxencia climática, a Xunta de Galicia aprobou a EGCCE 2050 e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023, o primeiro plan de desenvolvemento da estratexia. O Goberno galego aspira a que Galicia sexa un referente no proceso de cambio cara a un novo modelo de consumo e utilización dos recursos naturais que lle permita acadar o antes posible o obxectivo da neutralidade climática.

As emisións de gases de efecto invernadoiro de orixe antropoxeno son a causa do quecemento global. Polo tanto, todos os factores que impliquen un aumento nestas emisións son causantes do quecemento global, por iso, cómpre actuar en todos eles. A EGCCE busca unha transformación gradual e xusta da nosa sociedade, do xeito de producir e consumir.

A coordinación e colaboración coas entidades locais para facer fronte á crise climática, estase levando a cabo a partir do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, no cal xa están integrados 157 Concellos.

O debate social e a máxima participación de todos os sectores galegos desenvolveuse desde o inicio da elaboración da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.





Para a consecución do obxectivo desta Estratexia establecéronse unhas Mesas de Traballo de cara a abordar a problemática por sectores, de tal maneira que os axentes relacionados con cada un deles contasen cun espazo común para a identificación de retos na loita contra o cambio climático.

Tamén participaron diferentes perfís de toda a sociedade galega nas distintas convocatorias: administración pública autonómica e local, universidades, centros de investigación, empresas, asociacións, federacións e ONGs, entre outras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59583
Data envío: 02/12/2019 09:04:59.107

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:56

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **55507**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co inicio do curso escolar e a súa opinión respecto da posible incidencia do estado das obras nos centros de ensino de Cambados, A Fonsagrada, Cervo, Foz, Ferrol e Vilagarcía de Arousa, na súa apertura”**, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“No arranque do curso escolar 2019-20, a consellería explicou á cidadanía galega, tanto en sede parlamentaria como en declaracións públicas, a planificación e tramitación administrativa realizada e a situación das obras en diferentes instalacións educativas de Galicia.

Por tanto, a información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en reiteradas ocasións ao longo do período de sesións e, máis concretamente, en resposta oral á pregunta con número 55523 e debatida na Comisión 4ª de data 04/10/2019; á que nos remitimos porque se deu conta do procedemento de licitación, contratación e dos traballos de execución das obras.

A Consellería de Educación, no que depende das súas competencias e no cumprimento da legalidade vixente, fixo todo o que estivo ao seu alcance para facer compatible, tanto a necesidade de acometer melloras en varias instalacións educativas de Galicia como o desenvolvemento da actividade lectiva no arranque de curso.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-10-04?part=6dee2b9b-9182-46b9-916f-d18d35aa9584&start=138>.

O asunto foi tamén uns dos temas tratados na comparecencia de inicio de curso, con número de rexistro 57553, debatida na sesión plenaria do 22 de outubro de 2019. O debate pode ser consultado tamén no enlace:



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-22?part=c8883d7d-26a1-4fe0-8350-f5c9167843b3&start=23682>

Como complemento, tamén lembramos que recentemente, en resposta oral á pregunta con número 55125 e debatida na Comisión 4ª de data 26/11/2019, concretouse a información sobre o IES Ramón Cabanillas respecto do procedemento de licitación, contratación e dos traballos de execución das obras no devandito centro de Cambados; así como da situación das accións relacionadas e que son competencia municipal.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-11-26?part=3a87e9af-6af3-4341-8aac-cffbf34604a8&start=6278> .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 17:52:41
Nº Rexistro: 59759
Data envío: 04/12/2019 17:52:41.957

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/12/2019 17:52:39

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **55520**, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“o número de centros escolares con obras pendentes de remate ao inicio do curso escolar, as razóns desta situación e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a súa incidencia no normal desenvolvemento do curso”**, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“No arranque do curso escolar 2019-20, a consellería explicou á cidadanía galega, tanto en sede parlamentaria como en declaracións públicas, a planificación e tramitación administrativa realizada e a situación das obras en diferentes instalacións educativas de Galicia.

Por tanto, a información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en reiteradas ocasións ao longo do período de sesións e, máis concretamente, en resposta oral á pregunta con número 55523 e debatida na Comisión 4ª de data 04/10/2019; á que nos remitimos porque se deu conta do procedemento de licitación, contratación e dos traballos de execución das obras.

A Consellería de Educación, no que depende das súas competencias e no cumprimento da legalidade vixente, fixo todo o que estivo ao seu alcance para facer compatible, tanto a necesidade de acometer melloras en varias instalacións educativas de Galicia como o desenvolvemento da actividade lectiva no arranque de curso.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-10-04?part=6dee2b9b-9182-46b9-916f-d18d35aa9584&start=138>.

O asunto foi tamén uns dos temas tratados na comparecencia de inicio de curso, con número de rexistro 57553, debatida na sesión plenaria do 22 de outubro de 2019. O debate pode ser consultado tamén no enlace:



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-22?part=c8883d7d-26a1-4fe0-8350-f5c9167843b3&start=23682> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 17:52:30
Nº Rexistro: 59758
Data envío: 04/12/2019 17:52:30.300

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/12/2019 17:52:23

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55567**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o compromiso real do Goberno galego en relación coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos, o prazo previsto para a redacción da guía que sirva de base e ferramenta para os técnicos involucrados nos procesos urbanísticos e o tipo de actuacións urbanas que está a analizar desde esa perspectiva**”, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Unha das cuestións claves da planificación urbanística é a integración dos aspectos sectoriais tradicionais con cuestión como a vivenda, a mobilidade e a accesibilidade universal, a educación, o emprego, a igualdade efectiva de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, a seguridade cidadá, a iluminación, a calidade do medio ambiente, o cambio climático, a saúde ou a interrelación territorial; precisando dun enfoque integral, material e real, efectivo e activo, que conxugue as necesidades de todos os colectivos, modificando os patróns de calidade de vida e os comportamentos de vida, de cara a acadar unhas cidades máis igualitarias.

Trátase dun proceso que esixe de reflexión e maior nivel de información sobre a realidade social dende as distintas perspectivas, entre elas as de xénero, posibilitando tomar decisións máis comprometidas coa igualdade de trato e oportunidade de todos os colectivos.

A percepción de seguridade, autonomía e liberdade de movementos de todos os cidadáns, con especial atención aos grupos sociais discriminados por idade, xénero, raza ou discapacidade, segundo as circunstancias que operen, deben ser tidos en conta dun xeito integral no que a planificación e o ordenamento urbanístico resultan un vector máis.

Esta Consellería leva a cabo actuacións de mellora de contornas urbanas, accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos coa finalidade da revitalización e reequilibrio territorial e que contemplan de feito a seguridade e a autonomía de liberdade de movementos de toda a cidadanía.



O ser humano non pode ser considerado como un obxecto pasivo sobre o que hai que intervir e impide que sexa tratado como o gran protagonista que é da planificación. Por este motivo, a introdución de mecanismos participativos e de intercambio de información no deseño da cidade resulta un elemento clave para minimizar o impacto social dos procesos de transformación do solo. A participación no proceso de planificación e execución urbanística é unha forma de acadar a sustentabilidade social e a igualdade de xénero.

En definitiva, asociar a existencia formal dunha avaliación do impacto de xénero a un urbanismo integrador e inclusivo acorde coa perspectiva de xénero, é un prantexamento excesivamente simple e formalista para abordar un problema complexo, que non é outro que a esixencia de que a ordenación urbanística teña un enfoque integral para contribuír á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Un urbanismo no que as necesidades de toda a cidadanía sexan valoradas é a mellor vía para conseguir a mellor calidade de vida e a sustentabilidade das nosas cidades. Unha cidade máis segura e máis accesible, na que sexa máis fácil combinar a vida persoal e familiar co traballo é unha boa cidade, non só para as mulleres, senón para toda a cidadanía. É dicir, avanzar cara un modelo de cidade acolledora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59856
Data envío: 09/12/2019 15:28:49.259

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:28:46

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55614**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para resolver a situación ambiental e sanitaria do encoro das Conchas, as medidas de prevención e seguimento que está a aplicar e os estudos propios realizados ou que vai levar a cabo respecto dos riscos ambientais, sanitarios e de calidade das augas”**, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“Con respecto ás cianobacterias, son os organismos de bacía os competentes en realizar o seguimento e o control de determinados parámetros para avaliar o estado das masas de auga. Neste caso concreto do encoro das Conchas, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) é a encargada de realizar este seguimento. No marco das competencias desta Consellería de Sanidade, a Confederación Miño-Sil coordínase coa Dirección Xeral de Saúde Pública á que lle remite periodicamente os informes de situación.

A Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) executa os Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño e de control sanitario de abastecementos de auga de consumo. No marco de ditos programas e segundo os resultados dos informes de seguimento, a D.X. de Saúde Pública pon en marcha os protocolos establecidos e informa aos Concellos e, de ser o caso, ás empresas xestoras dos abastecementos, co fin de que adopten as medidas previstas para garantir a protección da saúde dos usuarios. Todo elo lévase a cabo mantendo a vixilancia sanitaria de ditas zonas de baño e dos abastecementos afectados e mantendo informada á poboación a través da páxina web, actualizando os niveis de risco nas augas de baño con tendencia á proliferación de cianobacterias e indicando as recomendacións sanitarias en función do risco para a saúde.



Nos proxectos sometidos a avaliación ambiental no ámbito da conca hidrográfica Miño-Sil sempre se pide informe ao órgano de xestión da conca e téñense en conta os seus condicionados.

Cómpre lembrar que o encoro ao que se refire a iniciativa está situado nunha conca hidrográfica de competencia estatal. Depende, concretamente, da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, polo que a vixilancia do estado das augas deste encoro lle corresponde ao organismo estatal.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia, como sempre se fai, estase aberto a posibles colaboracións, sempre respectando a autonomía competencial dos distintos organismos implicados.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59582
Data envío: 02/12/2019 09:04:52.639

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:49

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55716**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora no desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada, as medidas que vai adoptar e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación co seu inicio no núcleo 3”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi respondida polo director xeral de Desenvolvemento Rural na pasada Comisión 7ª celebrada o 18 de outubro do 2019, dando resposta á pregunta oral número 55714, sobre o mesmo tema e formulada polos mesmos autores.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enderezo:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-10-18?part=49124c4b-a622-4ab5-92b9-75932aef486e&start=8561>

Sobre os procesos de reestruturación parcelaria no municipio pontevedrés de Agolada existe entre as partes implicadas un acordo xeral sobre a necesidade de utilizar os novos instrumentos que vai ofrecer a devandita Lei de recuperación para analizar e propoñer as mellores ferramentas –máis áxiles e efectivas– na xestión das terras rústicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59581
Data envío: 02/12/2019 09:04:45.623

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:42

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **55908**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do contido do acordo asinado polo Grupo Ferroatlántica SAU coa firma Ithaka Partners, S.L., para a venda das fábricas de Cee e Dumbría xunto coas centrais hidroeléctricas do río Xallas, así como a súa opinión respecto da necesidade de autorización administrativa previa para o seu asinamento e o cumprimento íntegro das condicións establecidas na concesión”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 55814 que tivo lugar na sesión plenaria do 22 de outubro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-23?part=41d6dea0-1948-4c8f-b178-2330865fe4e3&start=33315> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59580
Data envío: 02/12/2019 09:04:39.029

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:35

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59579

Data envío: 02/12/2019 09:04:32.123

Data 02/12/2019 09:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55963**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os datos referidos á dotación de persoal e atención sanitaria que se está a prestar no PAC e Centro de Saúde de Palas de Rei, así como a opinión do Sergas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O Punto de atención continuada de Palas de Reis conta con 3 médicos, 4 DUE, 3 celadores e 1 PSX.

O Centro de Saúde de Palas de Reis conta con 3.220 TIS totais. Os 4 médicos de familia contan cunha ratio de 805 TIS/MF, ratios que están dentro das recomendadas pola OMS.

Polo que se refire ao volume de consultas de peregrinos/as, os sistemas de información centralizados (SIAC) do Servizo Galego de Saúde non permite extraer dito dato. .

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1

CSV: BOPGDSPG0wezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59579
Data envío: 02/12/2019 09:04:32.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:29

CSV: BOPGDSPGOwezVIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59578

Data envío: 02/12/2019 09:04:25.592

Data 02/12/2019 09:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55967**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Teresa Porritt Lueiro, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o proceso de tramitación do proxecto de construción dunha depuradora de mariscos no porto de Castiñeiras, no Concello de Ribeira e o seu impacto na área afectada”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

As concesións en dominio público portuario como a instalación da depuradora de mariscos no porto de Castiñeiras en Ribeira implican a varias administracións.

Mentres non conte cos permisos que corresponden non se pode realizar ningunha actuación nesas terreos.

É preciso que actuacións coma esta contén sempre con todos os permisos. Neste caso, a concesión está condicionada a que as outras administracións implicadas outorguen todos os permisos, licencias e informes correspondentes e, ao carecer de licencia municipal, o concello de Ribeira xa paralizou as obras en abril deste ano.

Engadir, a maior abundamento, que este asunto foi informado na sesión da Comisión 8ª celebrada o 25 de outubro de 2019 pola presidenta do ente público Portos de Galicia.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59578
Data envío: 02/12/2019 09:04:25.592

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:22

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 56051**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento, na cobertura informativa dada pola CRTVG ao pasamento en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista, das recomendacións do seu consello de administración respecto do tratamento destes casos nos medios de comunicación públicos”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, como xa se ten manifestado en diferentes ocasións, non opina nin fai valoracións de ningún tipo ao respecto de cuestións relacionadas coa CRTVG, tanto no que se refire ao seu funcionamento como aos seus contidos e tratamento das informacións.

Cumpre así coa súa obriga de axustarse ao que marcan a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato Marco da CRTVG, aprobados ambos polo Parlamento de Galicia.

Ambas disposicións recoñecen con total claridade a autonomía a independencia de dita Corporación, á que se define como una entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia, partidos políticos e outros organismos e institucións.

Canto ao labor dos medios de comunicación, recoñecemos e defendemos a importante función que desempeñan na loita contra a violencia de xénero.

A ética e a responsabilidade profesional xunto co coñecemento na materia, son elementos esenciais para que os medios de comunicación colaboren de forma efectiva á hora de remover



conciencias ante ideas e condutas inxustas, vexatorias e discriminatorias e, así, avanzar na súa erradicación.

As informacións que se publican ou emiten a diario relacionadas coa igualdade e a violencia de xénero están a poñer de manifesto o traballo responsable dos medios de comunicación á hora de abordar con rigor e respecto este tipo de noticias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59577
Data envío: 02/12/2019 09:04:18.373

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:15

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:34:36
Nº Rexistro: 59939

Data envío: 11/12/2019 12:34:36.534

Data 11/12/2019 12:34

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56381**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“o estado actual das actuacións relacionadas coa área metropolitana de Ferrol previstas no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 36.135.000 euros e un horizonte temporal no ano 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con

páxina 1 de 2



Xacobeo 2021



responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:34:36
Nº Rexistro: 59939
Data envío: 11/12/2019 12:34:36.534

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:34:22

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 56890**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da ameaza que supón a crise climática para a democracia e as actuacións que vai levar a cabo para mitigala e adaptarnos a ela”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A loita contra o cambio climático é un combate no que a Xunta de Galicia está totalmente implicada. Boa mostra diso é a aprobación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, un documento chamado a dirixir e guiar a acción do Goberno galego e da sociedade no seu conxunto, na loita fronte o cambio climático. Ademais, como unha medida de desenvolvemento da EGCCE creouse a Comisión Interdepartamental, dado que a loita contra o cambio climático é unha cuestión transversal.

A Xunta de Galicia tamén aprobou o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023, o primeiro plan de desenvolvemento da Estratexia, que inclúe 170 medidas que abranguen a todos os departamentos da Xunta de Galicia con competencias relacionadas co cambio climático. Este Plan supón un investimento de máis dun millóns de euros (exactamente 1.250.117.706 euros).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinará en 2020 un orzamento de máis de 20,55 millóns de euros á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, para levar a cabo medidas incluídas neste Plan Rexional Integrado como a Oficina Técnica do Pacto dos Alcaldes, creada para fomentar a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía e apoiar tecnicamente aos concellos de Galicia no cumprimento dos obxectivos de mitigación e adaptación asumidos coa adhesión. Tamén ten prevista unha liña de axudas para os concellos adheridos ao Pacto para a elaboración dos Plans locais de Clima e Enerxía.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático tamén vai desenvolver medidas



relacionadas coa sustentabilidade, como a elaboración da Axenda 2030 de Galicia, integrada por 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e 169 metas que abarcan as esferas económica, social e ambiental.

A Xunta de Galicia está traballando para avanzar na neutralidade climática. O Goberno galego é un firme defensor da necesidade de facer unha transición enerxética planificada, ordenada, paulatina e progresiva, pero sen provocar unha ruptura que afecta ao mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo.

Por iso, estamos implantando as Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020, a folia de ruta posta en marcha pola Xunta para favorecer a eficiencia e a potenciación das enerxías renovables autóctonas. Precisamos un cambio cara a mobilidade sustentable, con medidas como: a introdución de combustibles alternativos ou a renovación do parque móbil.

Ademais, co fin de favorecer o aforro enerxético, a mellora da eficiencia, o aproveitamento das enerxías renovables e a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, a Xunta de Galicia rehabilitou a envolvente térmica dalgúns edificios públicos, e mellorou os seus cerramentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59576
Data envío: 02/12/2019 09:04:11.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:08

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 56968**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da suspensión dos procesos de concentracións parcelaria iniciados no ano 2002 no concello de Agolada, as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto e a valoración da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural en relación co aproveitamento e posibilidades de dinamización económica que ofrecería o seu remate, así como o das parroquias de Sesto e Brocos pendentes de iniciar”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural xa iniciou os dous proxectos de reestruturación parcelaria do concello de Agolada, Agra-Seixo-Val-Bañña e a de Berredo-Basandre-Eidián-Ramil, cuxas declaracións de impacto ambiental xa foron emitidas, dando así cumprimento aos requirimentos das DIAs.

Con estes traballos, e ao amparo do previsto na Lei de Avaliación ambiental, esas declaracións de impacto ambiental non caducan e queda garantida a vixencia e a validez das DIAs das dúas concentracións abertas na zona na actualidade.

Reiteramos o compromiso da Xunta con estes procesos de reorganización do territorio, que son claves como instrumentos de dinamización do rural galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59575
Data envío: 02/12/2019 09:04:04.967

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:04:01

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 56982**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego, desde o ano 2011, para rematar coa existencia de cianobacterias nas augas eutrofizadas do encoro das Conchas, en Ourense, que están a provocar microcistinas, a incidencia que están a ter na saúde da poboación da comarca da Limia e as alegacións que presentou á súa declaración polo Estado como augas afectadas”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Sanidade, do Medio Rural e a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Este programa baséase na vixilancia sanitaria das zonas de baño incluídas no censo oficial mediante a inspección e mostraxe periódica da auga das praias durante a tempada de baño.

Con respecto ás cianobacterias, son os organismos de bacía os competentes en realizar o seguimento e o control de determinados parámetros para avaliar o estado dos encoros e das zonas de baño incluídas no censo oficial de zonas de baño. Neste caso concreto do encoro das Conchas, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) é a encargada de realizar estes estudos, coordinándose coa Dirección Xeral de Saúde Pública á que lle remite periodicamente informes de situación.

A Dirección Xeral de Saúde Pública, segundo os resultados dos seguimentos realizados, pon en marcha o protocolo coas actuacións a seguir conforme ás recomendacións establecidas pola Organización Mundial da Saúde (OMS). Deste xeito, adoptáronse unha serie de valores guía, a



tres niveis, asociados cun incremento da gravidade e da probabilidade de efectos adversos.

Así mesmo, desde a Consellería de Sanidade mantense informada á poboación a través da páxina web actualizando os niveis de risco nas augas de baño con tendencia á proliferación de cianobacterias e indicando as recomendacións sanitarias en función do risco para a saúde, así como a sinalización da zona de baño.

No mes de xullo do 2019, o Ministerio de Transición Ecolóxica enviou á Consellería do Medio Rural, ao mesmo tempo que abría o prazo de consulta pública, un borrador do proxecto de orde ministerial pola que se identificaban as masas de auga superficial e subterráneas afectadas ou en risco de estalo por nitratos. O prazo para presentar as alegacións rematou o día 16 de agosto de 2019.

Neste proxecto de orde ministerial identificábanse como augas superficiais afectadas, ou en risco de estalo, por aportación de nitratos de orixe agrario, a masa de auga do embalse de As Conchas pertencente á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Unha vez recibida esta notificación, procedeuse a recadar toda a información oficial dispoñible dos puntos de mostraxe, tendo en conta que se trata de datos oficiais. Da análise destes datos, a consellería procedeu a realizar alegacións en atención aos valores históricos deste puntos de mostraxe, incidindo sobre todo na mellora da situación, e que en ningún dos puntos se daban valores de augas afectadas por nitratos.

Realizadas as alegacións oportunas, estamos a espera de que o Ministerio de transición Ecolóxica publique a orde ministerial. Unha vez publicada, a Consellería do Medio Rural, en función desta publicación realizará as actuacións oportunas que lle correspondan.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático participa, a través do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, no Programa de Vixilancia de Cianobacterias nos Encoros da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, xunto con Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas de Mobilidade e a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Insistimos, non obstante, en que o Encoro das Conchas pertence á Demarcación Miño-Sil, sendo competencia da homónima Confederación Hidrográfica, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Por este motivo, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático non participa no





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Registro: 59574
Data envío: 02/12/2019 09:03:57.920

control de cianobacterias deste encoro, nin ten tampouco competencias relacionadas coas cuestións incluídas nesta pregunta parlamentaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59574
Data envío: 02/12/2019 09:03:57.920

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:55

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 57118**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación da actividade asistencial do Hospital Montecelo e do PAC da Parda, en Pontevedra, no verán de 2019, respecto do ano 2018, as causas das saturacións rexistradas e as razóns da Consellería de Sanidade para non abrir as camas pechadas e non contratar, de xeito definitivo, máis persoal médico e sanitario”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación de recursos tanto no Servizo de Urgencias de Montecelo coma no Punto de Atención Continuada da Parda é adecuada. O volume de actividade mantense nunhas cifras similares nos últimos anos.

Concretamente nos primeiros nove meses deste ano atendéronse 31.943 asistencias no PAC da Parda e nese mesmo período no ano 2018 atendéronse 32.185. Como pode observarse a variación é mínima, apenas 250 asistencias menos.

No caso das urgencias atendidas no Hospital Montecelo, a situación é a mesma. Nos primeiros nove meses do ano as urgencias atendidas foron 104.644 mentres que no mesmo período de 2018 atendéronse 100.938 urgencias, case 4.000 urgencias máis foron atendidas este ano.

Os servizos de urgencias teñen picos en diversos meses do ano, tamén en diferentes días da semana e nun mesmo días en diferentes tramos horarios.

Non obstante, os sistemas organizativos da atención sanitaria nos servizos de urgencias están dotados de sistemas de triaxe que permiten, en poucos minutos, desde a chegada do paciente, establecer a prioridade clínica do mesmo. Os pacientes de maior gravidade se atenden de xeito practicamente inmediato, de forma que os pacientes que esperan algo máis son os que presentan problemas de saúde de menor relevancia. A dotación de profesionais en verán ven determinada polo desfrute das vacacións ás que cada traballador ten dereito. A dotación de



profesionais planifícase pola Dirección conxuntamente cos Xefes de Servizo correspondentes.

A planificación realizada conxuntamente co Coordinador de Urgencias de Montecelo permitiu atender un total de 46.973 urxencias nos meses de xuño a setembro, ambos incluídos. Neste mesmo período no ano 2018 atendéronse un total de 45.466. Atendéronse, polo tanto, unhas 1.500 urxencias máis no verán deste ano 2019.

Respecto ás camas de hospitalización sinalar que en ningún momento do verán, nin de ningunha outra época do ano se pechan camas nos hospitais. Todas as camas están preparadas en todo momento para ser utilizadas.

A dotación total de camas do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra é de 600. A totalidade destas 600 camas están dispoñibles en cada momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59573
Data envío: 02/12/2019 09:03:51.514

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:48

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57135**, formulada polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo acadado coas organizacións sindicais o 23 de novembro de 2016 para mellorar o traballo dos inspectores farmacéuticos, a valoración que fai da actuación da consellería no brote hídrico de gastroenterite rexistrado en Corme o 21 de setembro de 2019 e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, dispón dos protocolos axeitados para dar resposta a este tipo de situacións co fin de garantir a identificación das causas e a adopción das medidas precisas para evitar que sigan a producirse casos.

De feito, neste caso concreto a actuación da Consellería de Sanidade ten sido inmediata, tendo en conta que ás 22:07h do domingo 22 de setembro se produce a primeira chamada do 061 ó servizo de alertas epidemiolóxicas de Galicia (SAEG) comunicando unha sospeita e, unha vez levada a cabo a pertinente comprobación, ás 00:21h do luns 23 de setembro o Servizo de Alertas da Xefatura Territorial de Sanidade da Coruña notifica dita sospeita; a continuación, nesa mesma data constitúese o equipo de estudo do abrocho iniciando os traballos de investigación e informando do acontecido ao Concello de Ponteceso.

A xestión da investigación e control do abrocho levada a cabo pola Consellería de Sanidade foi acorde cos elevados estándares esixibles a calquera resposta dunha autoridade sanitaria no marco dun suceso desas características. Desde un primeiro momento foron adoptadas as medidas cautelares pertinentes co fin de garantir que cesaba a exposición das poboación ó factor de risco identificado como posible vehículo de transmisión do axente causal (restrición de uso da auga de consumo do abastecemento municipal de Corme).



A partir dese momento continuouse traballando no marco da investigación do abrocho e, unha vez identificadas as causas, adoptáronse as medidas pertinentes co fin de garantir que xa se podía levantar a medida cautelar e permitir o uso da auga de consumo sen restricións, incorporando a información resultante da xestión de dito evento nas labores de control oficial no marco da vixilancia da calidade das augas de consumo humano.

As medidas a levar a cabo serán rematar o estudo epidemiolóxico e continuar coa vixilancia da calidade sanitaria da auga de consumo humano no marco do Programa Galego de Vixilancia Sanitaria da Auga de Consumo.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59572
Data envío: 02/12/2019 09:03:44.607

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:42

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **57180**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego dos resultados da implantación da Estratexia Autónoma 2020, a contía do orzamento inicial investido e os datos referidos ás actuacións implementadas, así como a súa opinión respecto do cumprimento a 31 de decembro de 2020 dos retos establecidos nela”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención da secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 57178 que tivo lugar na sesión do 6 de novembro de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-11-06?part=3735d0b4-9b58-407a-8322-5d0500ae7c16&start=139> “

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59571
Data envío: 02/12/2019 09:03:38.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:35

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **57191**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á atención que se está a prestar á poboación durante a ausencia dun facultativo no Centro de Saúde de Calo, no concello de Teo, as súas previsións respecto da súa substitución e as actuacións que está a levar a cabo o Sergas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 548 do 7 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Folgueiras-Calo é un dos catro dispositivos asistenciais do Concello de Teo.

Estes centros están atendidos por 8 médicos de familia que teñen unha poboación asignada de 12.039 usuarios, o que fai unha media de 1.504 tarxetas sanitarias por médico neste concello.

A poboación de Calo está correctamente atendida nun centro que conta con 2 médicos de familia. A maiores teñen unha unidade de apoio a 5 km, o centro de saúde de Cacheiras dentro do mesmo concello.

Ante ausencias previstas substitúese sempre que se pode co persoal vinculado por contrato de continuidade ou por persoal eventual. En caso de imposibilidade, por estar o persoal vinculado cubrindo outra ausencia noutro centro e non dispoñer de persoal eventual substituto, xestiónase a ausencia cos profesionais do centro ofertándolles a posibilidade de prolongar xornada pola tarde, cubrindo así a cota do compañeiro ausente ou intersubstituíndo na propia xornada se consideran que poden asumir a demanda con criterios de calidade e sen xerar demoras.

Para cubrir as ausencias previstas e a maioría das imprevistas vinculáronse dous profesionais con contrato de continuidade á área que pertence o centro de saúde de Calo, dando estabilidade a dous profesionais eventuais e garantindo gran parte da cobertura de ausencias desa zona.



O Servizo Galego de Saúde, ante a falta de persoal dispoñible para substitucións, tenta cubrir as ausencias previstas dos centros de saúde coas vinculación por zona nos contratos de continuidade e as prolongacións de xornada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59570
Data envío: 02/12/2019 09:03:31.764

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:28

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **57239**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á construción, durante a décima lexislatura, dun novo centro de saúde no concello da Rúa e, se é o caso, o investimento que vai realizar, así como a súa información respecto das intencións do actual Goberno municipal en relación coa cesión de terreos para ese fin”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade nestes momentos, non dispón de terreos para a construción dun centro de saúde na Rúa.

A Consellería de Sanidade coñece das xestións que está a realizar o Concello da Rúa para poder ceder uns terreos axeitados para a construción dun centro de saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:35
Nº Rexistro: 59606
Data envío: 02/12/2019 13:04:35.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 13:04:32

CSV: BOPGDSPGOWezYIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 57333**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á situación dos centros de atención primaria de Fene e Maniños, a suficiencia da súa dotación de facultativos e da atención pediátrica que se está a prestar no de Fene e mais as súas previsións respecto da cobertura das baixas e das vacacións neles para garantir a calidade asistencial”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Fene ampliará a súa estrutura para dar resposta ás necesidades actuais. Está prevista a súa ampliación cando se dispoña de espazo para facelo, tras aprobar o Plan Funcional do Centro con data 29 de abril de 2019. O Centro de Saúde de Maniños é suficiente para dar asistencia á poboación asignada. A dotación de profesionais do Centro de Saúde de Fene e de Maniños atópase nas ratios recomendadas pola OMS. A situación estrutural da atención pediátrica é de 2 pediatras. A media de TIS é de 819. Este dato sitúase entre a media recomendada pola OMS.

A substitución de ausencias está condicionada pola existencia de facultativos nas listaxes de contratación, estando actualmente o 100% dos profesionais traballando. Desde o Goberno local de Fene solicitaron unha reunión urxente e demandaron a cobertura de ausencias con carácter inmediato. A reunión celebrouse nas dependencias da Xerencia o día 9 de outubro de 2019 coa presenza dos representantes de todas as forzas políticas da actual corporación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59569
Data envío: 02/12/2019 09:03:24.264

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:20

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **57394**, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación a unha empresa do servizo de catering dos comedores escolares dos IES Julio Prieto Nespereira e Ferro Couselo, de Ourense, e San Mamede, de Maceda, a realización dalgunha avaliación ao respecto e as supostas deficiencias existentes na prestación do servizo”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 57398, debatida na Comisión 4ª de data 26/11/2019 e á que nos remitimos porque serviu para ofrecer datos sobre o servizo educativo complementario de comedor escolar en Galicia e, en concreto, para expor os criterios de adxudicación dos contratos dos servizos polos que se interesaba a iniciativa.

O debate pode consultarse a través do seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-11-26?part=3a87e9af-6af3-4341-8aac-cffbf34604a8&start=4516> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59712
Data envío: 03/12/2019 19:38:26.418

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/12/2019 19:38:23

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:28
Nº Rexistro: 59605

Data envío: 02/12/2019 13:04:28.249
Data 02/12/2019 13:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57630**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o tipo de información que a Xunta de Galicia se comprometeu a ofrecerlles ás persoas usuarias do sistema público de saúde no proceso de decisión do centro hospitalario no que serán intervidas, así como as previsións do Goberno galego respecto da incorporación ao seu protocolo de actuación da información completa en relación co tempo de demora estimado para unha intervención”**, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Remítimonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral nº 57629 que tivo lugar na Comisión 5ª do 28 de novembro de 2019.

Pode consultarse esta intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-11-28?part=67612949-7215-474a-a225-42c09eb0e672&start=4097>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:28
Nº Rexistro: 59605
Data envío: 02/12/2019 13:04:28.249

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 13:04:25

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59568

Data envío: 02/12/2019 09:03:16.904

Data 02/12/2019 09:03

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57676**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**a valoración da Xunta de Galicia respecto do volume de profesionais de logopedia incorporados ao Sergas e as súas previsións ao respecto**”, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O Servizo Galego de Saúde garante a atención logopédica á cidadanía que así o precise. No Servizo Galego de Saúde existen un total de 14 profesionais de logopedia que traballan maioritariamente nos servizos de rehabilitación e nas unidades de atención temperá hospitalarias que forman parte da Rede galega de atención temperá.

Ademais destes profesionais, a Xunta de Galicia, mediante a Orde do 25 de marzo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, ten contratados a 21 profesionais de logopedia formando parte dos equipos de atención temperá desta rede.

O Servizo Galego de Saúde convoca, anualmente, subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario (entre os que se atopan os programas de rehabilitación logopédica) destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas afectadas por dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria, parálise cerebral, linfedema e enfermidades neurodexenerativas.



Nos grupos de traballo organizados desde a Consellería para a mellora da atención primaria do sistema sanitario público convocáronse aos colectivos profesionais que forman parte do equipo básico de atención primaria e aos colectivos profesionais de apoio.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59568
Data envío: 02/12/2019 09:03:16.904

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:14

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **57682**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para desestimar a petición unánime de todos os grupos políticos de dotar Lalín dunha nova ambulancia, a actuación que vai levar a cabo en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro e a súa opinión respecto da actual dotación de vehículos de transporte sanitario da comarca do Deza”**, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (en diante FPUSG-061), co obxectivo de dimensionar á Rede de Transporte Sanitario Urxente, realiza estudos de maneira continua. Estes estudos contemplan a análise de múltiples factores, variacións demográficas, variacións nas demandas sanitarias, tempos de resposta, distancias aos centros sanitarios, así coma as necesidades e actividades das diferentes comarcas e concellos da nosa Comunidade Autónoma. A finalidade é a mellora da asistencia sanitaria urxente ao conxunto da poboación galega.

As variacións no número de recursos, ou no tipo de recursos, fanse de acordo a esta avaliación continua das necesidades da poboación, co obxectivo de garantir a accesibilidade, a equidade, a eficiencia e a sostibilidade dunha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación.

Os estudos realizados pola FPUSG-061 nos anos 2017 e 2018 para a comarca do Deza, non reflicten un aumento da demanda, nin no que respecta ao número de servizos realizados, nin no tempo de resposta ás emerxencias. No que levamos do ano 2019, a media de mobilizacións da ambulancia de Lalín presenta unha situación idéntica a dos anos 2017 e 2018. Igualmente, no



que respecta a ambulancia de Silleda, reflíctense unhas cifras de mobilizacións mantidas dende 2017 ata a actualidade. Cifras que diminúen notablemente cando nos referimos ás franxas nocturnas.

Os datos analizados non xustifican un aumento de recursos na zona, non obstante, tralo lamentable incidente acontecido no Concello de Dozón, a Xunta de Galicia está a facer unha análise pormenorizada.

Hai que facer constar, que trala posta en marcha do novo concurso de transporte urxente, haberá unha ambulancia de apoio con base en Lalín”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:20
Nº Rexistro: 59604
Data envío: 02/12/2019 13:04:20.515

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 13:04:18

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 57691**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da cobertura actual das emerxencias sanitarias en Lalín e na comarca de Deza e as medidas previstas para resolver a súas deficiencias”**, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, co obxectivo de dimensionar a Rede de Transporte Sanitario Urxente, realiza estudos de maneira continua. Estes estudos contemplan a análise de múltiples factores, variacións demográficas, variacións nas demandas sanitarias, tempos de resposta, distancias aos centros sanitarios, así coma as necesidades e actividades das diferentes comarcas e concellos da nosa Comunidade Autónoma. A finalidade é a mellora da asistencia sanitaria urxente ao conxunto da poboación galega.

As variacións no número de recursos, ou no tipo de recursos, fanse de acordo a esta avaliación continua das necesidades da poboación, co obxectivo de garantir a accesibilidade, a equidade, a eficiencia e a sostibilidade dunha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación.

Os estudos realizados pola FPUSG-061 nos anos 2017 e 2018 para a comarca do Deza, non reflicten un aumento da demanda, nin no que respecta ao número de servizos realizados, nin no tempo de resposta ás emerxencias. No que levamos do ano 2019, a media de mobilizacións da ambulancia de Lalín presenta unha situación idéntica a dos anos 2017 e 2018. Igualmente, no que respecta a ambulancia de Silleda, reflíctense unhas cifras de mobilizacións mantidas dende 2017 ata a actualidade que diminúen notablemente cando nos referimos ás franxas nocturnas.

Os datos analizados non xustifican un aumento de recursos na zona, non obstante, tralo



lamentable incidente acontecido no Concello de Dozón, a Xunta de Galicia está a facer unha análise pormenorizada.

Hai que facer constar que trala posta en marcha do novo concurso de transporte urxente, haberá unha ambulancia de apoio con base en Lalín, unha mellora ofertada pola empresa adxudicataria, que suporá unha maior cobertura para a poboación da Comarca do Deza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:13
Nº Rexistro: 59603
Data envío: 02/12/2019 13:04:13.749

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 13:04:10

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **57696**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“o estado actual da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 322.320.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2015 e 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 57695, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 3 e 4 de decembro de 2019.

Na súa intervención, entre outras cuestións, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade trasladou os avances na tramitación dos proxectos de acondicionamento da estrada Valdoviño-Cedeira e da 1ª fase de mellora da AC-862, entre San Sadurniño e Ponte Mera, que contan cun investimento de 12,6 millóns de euros.

Na súa resposta, a conselleira tamén lembrou que o actual Goberno galego puxo en servizo 16 km da VAP Costa Norte, coa Variante de Ortigueira e o treito Celeiro-San Cibrao, cun investimento de preto de 100 millóns de euros en plena crise económica. Ademais, séguese a avanzar nesta infraestrutura polos extremos, tal e como se abordou cos alcaldes: na provincia da Coruña, coa actualización do proxecto de San Sadurniño-Sanguineira; e na de Lugo, coa nova ponte de Viveiro.

Paralelamente, e conscientes de que a vía de altas prestacións non debe ser o único soporte da mellora da mobilidade, da conectividade e da seguridade viaria dos veciños das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, desde a Xunta deseñouse unha planificación a curto e medio



prazo para o desenvolvemento deste eixe de comunicación pero tamén para mellorar a rede autonómica de estradas existentes nestas comarcas.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2019-12-04?part=544d6e65-c1a9-49dd-8bed-e14fecb7525f&start=4895>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2019-12-04?part=544d6e65-c1a9-49dd-8bed-e14fecb7525f&start=5224>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59855
Data envío: 09/12/2019 15:28:43.026

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/12/2019 15:28:40

CSV: BOPGDSPGOWezYIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59567

Data envío: 02/12/2019 09:03:10.435

Data 02/12/2019 09:03

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57718**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **a valoración e as previsións da Xunta de Galicia respecto das dificultades asistenciais que se están a producir na atención primaria á veciñanza do concello da Laracha**”, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación. Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida e que están dotadas de persoal sanitario e persoal de servizos xerais que se adecúa ao ratio de poboación con tarxeta sanitaria (TIS).

O servizo de atención primaria da Laracha conta con 18 persoas de distintas categorías profesionais: 7 médicos/as de familia, 6 enfermeiras, 1 pediatra, 1 matrona e 3 administrativos. Esta dotación de persoal está asignada para atender a unha poboación de 10.584 persoas usuarias en todos os rangos de idade, e inclúe os profesionais de medicina de familia e de enfermería que dan asistencia aos 629 pacientes de Caión, que dispón de consultorio propio.

Nos últimos anos a poboación atendida na Laracha mantívose estable, xa que, segundo os datos de altas en Tarxeta Sanitaria de Galicia, no 2000 había 9867 persoas baixo a asistencia do Servizo Galego de Saúde e, no 2019, son 10.584. A pesares de manterse a poboación atendida, a dotación de persoal no mesmo período incrementouse en dous cupos médicos, o último deles de creación recente (dotación dunha praza de medicina de familia no ano 2018).

página 1 de 2

 Xacobeo 2021



Ademais deste incremento na dotación de persoal, en 2017 o Servizo Galego de Saúde asumiu a transmisión patrimonial do Centro de Saúde da Laracha e realizou unha importante mellora nas instalacións do mesmo.

A cobertura asistencial das ausencias e permisos regulamentarios do persoal no presente ano 2019 foi realizada mediante contratación de substitutos/as ou abono de prolongacións ou intersubstitucións aos propios profesionais do centro, sen que a atención sanitaria se teña visto afectada, xa que se garantiu a atención tanto na quenda ordinaria, no horario do centro de saúde, como na quenda de atención do Punto de Atención Continuada.

Polo tanto, á vista dos datos relativos a este servizo de atención primaria, cómpre salientar que as persoas da Laracha usuarias do sistema sanitario público teñen unha adecuada atención, con profesionais de moi alto nivel, estando o servizo garantido para a poboación cuberta, con criterios de proximidade e accesibilidade ao mesmo, e con atención sanitaria as 24 horas do día os 365 días do ano.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59567
Data envío: 02/12/2019 09:03:10.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:03:06

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:34:18
Nº Rexistro: 59938

Data envío: 11/12/2019 12:34:18.394

Data 11/12/2019 12:34

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57744**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona María Luisa Pierres López e don Gonzalo Caballero Miguez, sobre **“o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Desdoblamento do corredor do Morrazo, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 53.893.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta”**, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

Cómpre, en primeiro lugar, poñer en contexto as cuestións que se formulan na iniciativa: coas especiais circunstancias económicas vividas neses anos e as hipotecas en concesións deixadas polo anterior Goberno autonómico; unhas circunstancias que obrigaron a priorizar e a centrar os investimentos en atender os servizos públicos básicos esenciais. Desde o Goberno galego fíxose un especial esforzo por lograr unha maior eficiencia dos investimentos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias. No eido concreto das infraestruturas, apostouse por avanzar facendo viable a súa execución, por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.

Con todo, nese contexto de crise económica e de fortes restricións orzamentarias, o actual Goberno galego logrou incrementar en máis dun 70 por cento os quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Nestes momentos, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, actuando con

páxina 1 de 2

 Xacobeo 2021



responsabilidade e priorizando aquelas actuacións que se consideran máis necesarias, atendendo a criterios de rendibilidade social e seguridade viaria, a través dunha planificación que as faga viables, avanzando nas actuacións por fases que faciliten a súa construción e pagándoas con cargo aos orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias, facendo o que se pode pagar.

En relación ao desdoblamento do corredor do Morrazo ao que se refire a iniciativa, cómpre subliñar que o Goberno galego o primeiro que fixo para o desenvolvemento da Autovía do Morrazo foi planificar unha estratexia para facela viable, executándoa por fases e pagándoa con cargo aos orzamentos e a medida que as dispoñibilidades orzamentarias o permitiron.

Este traballo permitiu que o 11 de maio de 2018 se puxeran en servizo os dous primeiros treitos da autovía, 7 quilómetros entre Rande e Meira e que o 21 de xuño de 2019 a Autovía do Morrazo quedase rematada e posta en servizo na súa totalidade, ao sumar os 4 quilómetros que faltaban, ata o enlace de Cangas.

A Xunta investiu nestes 11 quilómetros de autovía libre de peaxe do Morrazo máis de 55,5 M€ para contribuír a unha maior seguridade viaria, mobilidade e competitividade da zona, o maior investimento da Xunta en materia viaria nos últimos anos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 12:34:18
Nº Rexistro: 59938
Data envío: 11/12/2019 12:34:18.394

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/12/2019 12:34:15

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **57775**, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre “**a xestión do Goberno galego en relación coa atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma**”, (publicada no BOPG número 553 do 24 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 57774, debatida no Pleno da Cámara galega de data 19/11/2019 e á que nos remitimos porque serviu para expor que Galicia conta cun modelo para abordar a atención á diversidade do conxunto do alumnado galego que inclúe normativa, recursos, innovación e formación.

Ademais, concretouse que a afirmación de que o ensino galego é o máis inclusivo de España fundaméntase en estatísticas do Ministerio de Educación e en diferentes informes.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2019-11-20?part=84930290-fb9e-4415-aa72-620bcb48dc86&start=15217> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59711
Data envío: 03/12/2019 19:38:19.793

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/12/2019 19:38:16

CSV: BOPGDSPGOWezVY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59710

Data envío: 03/12/2019 19:38:11.324

Data 03/12/2019 19:38

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57964**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre **“a opinión e as previsións do Goberno galego respecto do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na estrada OU-402, en Reza”**, (publicada no BOPG número 556 do 31 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

O proxecto construtivo Fomento da mobilidade sostible, senda na OU-402, treito Reza. P.Q. 1+090-3+780 enmárcase no Plan de Sendas de Galicia e, como tal, ten dous obxectivos fundamentais: loitar contra a contaminación e o cambio climático facilitando os desprazamentos a pé; e mellorar a seguridade viaria, xa que, nestes momentos, é necesario reforzar a seguridade para os peóns no seu tránsito pola estrada.

Respecto á participación da veciñanza na elaboración do proxecto debe destacarse que, ademais do preceptivo trámite de información pública, durante o ano 2018 se realizaron varias xuntanzas con representantes dos veciños, unha coa Asociación de Veciños o 19 de abril e outra con veciños e Concello de Ourense o día 3 de maio.

No trámite de información pública a veciñanza demandou mellorar a seguridade viaria e a dotación de servizos. Co fin de incorporar as melloras, realizáronse no proxecto construtivo diversas modificacións, entre elas, que a senda pasa a ser de uso exclusivo peonil; os ciclistas deportivos transitarán pola calzada; e a mobilidade ciclista de paseo quedará atendida a través do Paseo das Ninfas, máis próximo ao río Miño.

Así pois, logo das alegacións incorporadas a este proxecto a solución deseñada ofrecerá aos veciños de Reza, en particular, e aos de Ourense en xeral, unha mobilidade aínda máis sostible,

páxina 1 de 2

 Xacobeo 2021



segura e útil, a través dun camiño para peóns: continuo (2.196 m, dende o punto quilométrico 1+089 ata o 3+285), que conecta o remate das beirarrúas de Reza co aparcadoiro situado antes da pasarela de Outariz; seguro, de ancho medio maior de 2 metros (agás puntos moi concretos onde algunhas casas están moi preto da estrada); e accesible para as persoas de mobilidade reducida (cumpre as condicións da Lei de Accesibilidade).

O investimento previsto para a execución da senda de Reza supera o millón de euros.

Respecto ás expropiacións cómpre lembrar que, inevitablemente, para mellorar a situación actual e poder atender as demandas dos veciños de seguridade viaria e servizos comúns cómpre xerar superficie pública útil. O proceso máis habitual en proxectos e obras de interese xeral é a expropiación.

Por último, en canto ás medidas para conectar Reza co centro de Ourense hai que indicar que esta senda peonil comeza onde remata a beirarrúa actual. Desde este punto existe beirarrúa ata o centro de Ourense. Tamén mellora a conexión co centro de Ourense grazas aos espazos específicos que se habilitarán, como paradas de autobús e as marquesiñas que se instalarán.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59710
Data envío: 03/12/2019 19:38:11.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/12/2019 19:38:05

CSV: BOPGDSPGOwezVIY6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59566

Data envío: 02/12/2019 09:03:02.139

Data 02/12/2019 09:02

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57968**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a data prevista para o inicio das obras de construción do parque acuático anunciado polo Goberno galego no concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), os datos referidos á súa dotación orzamentaria e o impacto que vai ter no complexo deportivo de Monterrei, así como a dotación de servizos que vai ter”**, (publicada no BOPG número 556 do 31 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

A partida orzamentaria referida na iniciativa presentada é a 6221, Construcións en materia deportiva, do programa 441A correspondente á Secretaría Xeral para o Deporte, partida que posibilitará o inicio do procedemento de actuación de obras no actual complexo deportivo de Monterrei. Este procedemento iniciarase no 2020.

A actuación, que comezará no ámbito do parque deportivo e finalizará co parque acuático, executarase en distintas fases e sempre procurando á mínima interferencia no servizos prestados aos usuarios. A intervención proxectada redundará na mellora e ampliación da oferta dos servizos deportivos ao cidadáns, así como tamén na mais ampla dotación do parque acuático.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59566
Data envío: 02/12/2019 09:03:02.139

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 9:02:59

CSV: BOPGDSPGOwezV1Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 58113**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible asunción pola Xunta de Galicia doo compromiso de garantir un médico ou unha médica a xornada completa no Centro de Saúde da Teixeira, a súa opinión referida á atención sanitaria que se está a prestar no Macizo central ourensán e as medidas de carácter urxente que vai adoptar para a reposición dese posto”**, (publicada no BOPG número 558 do 7 de novembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Concello da Teixeira ten nestes momentos un número de TIS de 278, pacientes que están perfectamente atendidos nas súas necesidades asistenciais cos recursos que ten dotados actualmente. O compromiso da Xunta de Galicia é o de seguir mantendo a calidade asistencial e a satisfacción dos pacientes do concello.

A dotación de recursos sanitarios no Macizo Central está moi por enriba da media do rural da provincia de Ourense e, por suposto, moi por enriba dos recursos promedio do conxunto do país, polo que entendemos que non precisa de melloras en canto a recursos humanos.

Non obstante, e como mostra da preocupación permanente pola mellora da asistencia, estamos a renovar equipamento e tecnoloxía coa finalidade de dispoñer nos nosos centros, e tamén no Macizo Central, de todo o necesario para prestar unha asistencia aínda máis resolutiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:04
Nº Rexistro: 59602
Data envío: 02/12/2019 13:04:04.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/12/2019 13:03:42

CSV: BOPGDSPGOWez/Y6e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59565

Data envío: 02/12/2019 09:02:54.139

Data 02/12/2019 09:02

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 58126**, formulada polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear e controlar a pobreza farmacéutica, así como a consideración da posibilidade de poñer en marcha algún sistema de alerta ao respecto que permita trasladar esta información ao sistema público para a atención dos problemas socioeconómicos”**, (publicada no BOPG número 558 do 7 de novembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Para todo o Estado tense establecido un sistema polo que a aportación ven condicionada polo nivel de rendas dos usuarios.

Temos un sistema que contempla un tramo exento de achega para os usuarios mais vulnerables.

Cando se fala dos pensionistas con menores rendas hai que ter en conta dous elementos moderadores da aportación:

- *a existencia dun límite de aportación*
- *o concepto achega reducida.*

A medicación hospitalaria, tanto a que se utiliza mentres os pacientes están ingresado como a que se dispensa nos hospitais nas consultas externas, non ten achega para ningún paciente.

Como xa se comentou o sistema, fixado para todo o Estado, é proporcional. Os pacientes con menores recursos están exentos de achega e os pacientes pensionistas beneficianse da achega reducida e dos límites de achega.

página 1 de 2

 Xacobeo 2021



